# Mos se une a «1m² contra la basuraleza»

## La acción está promovida por el Proyecto Libera | Se limpió la zona de Rejo da Laxe

**D.P.**
Mos

El Ayuntamiento de Mos se sumó ayer a la novena edición de «1m² contra la basuraleza», una acción ciudadana promovida por el Proyecto Libera —impulsado por SEO/BirdLife en alianza con Ecoembes— que movilizó miles de personas en más de 740 puntos de toda España para limpiar entornos naturales de residuos abandonados.

La limpieza se desarrolló en el espacio natural del Rejo das Laxes, punto de encuentro del Centro Cultural y Vecinal Celado. Junto a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, participaron en esta actividad Ana Ortiz, delegada territorial de la Xunta de Galicia en Vigo, Bruno de Llano, portavoz del proyecto Libera, Gustavo Ferreiro, en representación de So/BirdLife, y los concejales Laura Méndez y Evaristo Ucha.

Este año, la movilización adquirió un significado especial al celebrarse entre dos fechas clave: el Día Mundial del Medioambiente (5 de junio) y el Día Mundial de los Océanos (8 de junio).



D.P.

## «Fli-Po Market», sostenibilidad en la calle

El primer mercado sostenible de Porriño se vive desde ayer en la plaza 8 de marzo (Avda de Galicia). Hoy a las 19.00 horas actuará Laura Carmona, participante de La Voz Kids 25.



D.P.

## «Patas arriba», la feria de las protectoras

Salceda acoge desde ayer «Patas arriba» un mercado solidario organizado por la asociación Gatopía con apoyo del Concello. Esta tarde a las 19.30 actuará Fran Vázquez (cantante de Pa Ti Na Ma).

**Concello do Porriño**

**ANUNCIO**

**Convocatoria para proceso de selección dun/ha administrativo/a para execución de programa de carácter temporal "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO" do Concello do Porriño 2024/2025.**

**Obxecto:** A selección e contratación laboral temporal, código 405, dun/ha administrativo/a ao abeiro da Orde do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A) publicadas no DOG nº 112, de data 11/06/24.

**Sistema de selección:** Concurso-oposición.

**Prazo para a presentación de instancias:** 3 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Faro de Vigo.

**Lugar de presentación:** Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres; na sede electrónica (**oporrino.sedelectronica.gal/**) ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

**Bases de selección:** Están expostas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e de forma complementaria, na páxina web municipal **www.oporrino.org**, sección Porremprego.

O Porriño, a 4 de xuño de 2025 - O Alcalde-Presidente, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

# Porriño regala una calle a Juaniña por su 100 cumpleaños

## Juana da Cruz, costurera de profesión, ya da nombre a la rúa donde reside | «Toda mi vida quise muchísimo a todo Porriño», afirma

**D.P.**
Porriño

El Concello do Porriño homenajeó ayer a una de sus vecinas más longevas, Juana da Cruz —Juaniña, como es conocida por el vecindario — que cumplió precisamente en la jornada 100 años. Con motivo de su centenario, el Alcalde, Alejandro Lorenzo, quiso sorprenderla con un reconocimiento pensado para permanecer en el tiempo: la calle donde vive pasará a denominarse Rúa Juaniña. «Tú eres pasado de O Porriño, eres presente, pero serás mucho futuro también de O Porriño», le dijo el regidor a Juaniña antes de que se descubriera la placa.



**Un momento del acto celebrado ayer.** | D.P.

El acto comenzó con un pasillo formado por vecinos y familiares, seguido del Himno Galego interpretado por la banda de gaitas y percusión Os Zoqueiros, y el descubrimiento de la nueva placa que bautiza oficialmente la calle. Este fue un momento especialmente emotivo para la homenajeada, que hasta se animó a cantar. El alcalde le entregó un ramo de flores como muestra de admiración y cariño. «Toda mi vida quise muchísimo a todo Porriño», afirmó Juaniña. El homenaje continuó con una fiesta, donde no faltaron los pinchos ni los abrazos compartidos con sus seres queridos.

Desde el Concello destacan que la historia de Juaniña está hondamente ligada a la de Porriño. Vivió la Segunda República, la Guerra Civil y la dictadura. El año pasado fue pregonera de las Festas do Cristo y antes presentadora de un festival de DJ.

**IN MEMORIAM** **RAÚL FRANCÉS VALVERDE**

# A rosa da túa memoria non murcha

**UXIA SENLLE**

Hai persoas que pasan pola vida facendo o ben. A de Raúl Francés Valverde foi así: loitando por un mundo máis xusto, sempre desde a proximidade, desde a palabra fonda, desde a dignidade e a coherencia.

Así de cálida é tamén a súa familia, que sinto como miña, rota de dor polo seu pasamento, mais recibindo o cariño inmenso de toda a veciñanza. O meu amor é incondicional desde que era unha nena. A Merucha (in memoriam), Blanca, Paz, Raúl e Jose Francés, xenros e noras, a súa compañeira Pepa, Marcos, netas e netos.

A Xoana Ocampo Francés, que nos emociona tanto cando escribe e describe maxistralmente o retrato do que representou o seu avó.

Hoxe viñéronme lembranzas da infancia, das histórias que tan ben contaba, as máis recentes dos viños na taberna de Fran cos seus amigos de sempre e con quen se achegase a conversar. Teño o consolo de terlle arrincado un sorriso cando a súa filla Blanqui mais eu entoamos «Rosiña, Rosiña, Rosa» na Biblioteca do CRC do Porriño, e unhas semanas antes na casiña de Sanguiñeda con algunhas das Malvela.


**Raúl Francés Valverde** | D.P.

Cada día lía os xornais na casa do Círculo Recreativo Cultural, do que foi presidente e ao que tanto aportou.

No Porriño, en Sanguiñeda e en toda Galicia queda a pegada dun home honesto, traballador, activista incansábel da memoria histórica, gardián e defensor dos valores republicanos e do antifascismo.

Foi voz das sen voz, das vítimas do esquecemento, traendo nomes de homes e mulleres, datas e historias que outros quixeron enterrar para sempre. Pero alí estaba Raúl, coa forza de quen sabe que sen memoria non hai futuro, axudando a reparar danos, atento a cada nova lei que o permitise e mesmo conseguindo a sentenza de morte do seu pai, que entregou á súa familia despois de tantos desvelos e que foi tan simbólica.

Na política deixou fonda pegada. Sempre coa rosa socialista, coa man tendida, escoitando, construíndo, empurrando o ben común. Esa rosa non debe murchar nunca. Teremos que regala para que o seu arrecendo se espalle por este mundo tan revolto, tan deshumanizado e cun claro retroceso nos valores democráticos polos que tanto loitou.

Hoxe chorámoste, Raúl, pero tamén celebramos o teu paso pola vida, que foi exemplo e semente. Agardamos estar á altura do teu legado e seguir a erguer, coma ti, a bandeira da memoria, da xustiza e da esperanza. A bandeira republicana que te abrigou ata o final, a teima de toda unha vida entregada á conquista das liberdades. Querémoste!

Grazas por tanto.